

Comisión de Enxeñería Informática

Reunión do 5 de outubro de 2022

A comisión de Enxeñería Informática reúnese en 2ª convocatoria, ás 13:00 en sesión telemática, coa asistencia dos seguintes membros:

- David E. Losada Carril
- Juan C. Pichel Campos
- José Carlos Cabaleiro
- Julia González Álvarez
- M. Carmen Palacios
- Francisco J. Pena

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta das reunións dos días 8 de xuño e 20 de xullo de 2022.
2. Aprobación, se procede, das modificacións do regulamento de TFGs.
3. Estado actual accións de mellora.
4. Análise enquisas egresados e alumnos nova incorporación.
5. Informar da asignación de titor académico.
6. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.
7. Rolda aberta de intervencións.

Acordos:

1. Aprobación, se procede, da acta das reunións dos días 8 de xuño e 20 de xullo de 2022.

Aprobadas por asentimento.

2. Aprobación, se procede, das modificacións do regulamento de TFGs.

Aprobadas as modificacións por asentimento. Os trocos máis importantes fan referencia a eliminación da necesidade de presentar o anteproxecto e a engadir unha nova modalidade de defensa (diante do titor).

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

3. Estado actual accións de mellora.

O coordinador informa do estado do desenvolvemento das accións de mellora no GrEI para este curso. Das 5 propostas, 3 foron executadas completamemnte e 2 parcialmente (quedando pendentes tarefas).

4. Análise enquisas egresados e alumnos nova incorporación.

O coordinador expón os resultados das enquisas sobre competencias realizadas a estudantes de último curso, egresados, profesores e empregadores. Os resultados son moi satisfactorios, obtendo sempre valores superiores a 3.5-4 (sobre 5) na gran maioría de indicadores. Só existe para algún estamento que indica certa carencia (valores entre 2 e 3) en competencias relacionadas coa lexislación, normativas e temas medioambientais. Aínda que estos resultados son razoables xa que son as competencias que menos se traballan no grao, coméntase a posibilidade de reforzar ditas competencias con actividades complementarias dentro da aula profesional, por exemplo.

5. Informar da asignación de titor académico.

Infórmase sobre a asignación dun titor académico a un estudante considerado pola USC como deportista de alto nivel. O titor será o profesor X. M. Pardo.

6. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.

Ratifícanse os acordos por asentimento.

8. Rolda aberta de intervencións.

FJP comenta a dificultade que supón para os/as docentes que imparten aulas en máis dunha titulación a participación nos tribunais de TFG, puidendo formar partes de varios tribunais na mesma convocatoria. Propón que as facultades se coordinen para buscar unha solución.

Ás 13:53 remata a comisión.

Juan C. Pichel
Coordinador do GrEI

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)